



Guía Docente			
Datos Identificativos			2015/16
Asignatura (*)	Lingua Galega e Sociedade	Código	613G02025
Titulación			
Descriptores			
Ciclo	Período	Curso	Tipo
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria
Idioma	Galego		
Modalidade docente	Presencial		
Prerrequisitos			
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística		
Coordinación	Garcia Negro, Maria Pilar	Correo electrónico	maria.pilar.garcia.negro@udc.es
Profesorado	Garcia Negro, Maria Pilar	Correo electrónico	maria.pilar.garcia.negro@udc.es
Web			
Descripción xeral	Estudo e análise da situación sociolingüística da lingua galega.		

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística		A1 A9 A25 A27	B7 C6
Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.		A11 A14	B1 B6 B9 C7
Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.		A14	B7 C8
Coñecer a historia e a cultura das comunidades galegalantes.		A15 A19 A23 A27	B8 C4
Coñecer a situación sociolingüística da lingua galega.		A2 A23	B3 C7

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introdución á sociolingüística	1.1. Lingua e sociedade 1.2. A sociolingüística e a socioloxía da lingua 1.3. A sociolingüística sobre o galego
2. Sistema e código	2.1. A introdución do castelán na Galiza 2.2. A xénese do conflito lingüístico e a súa evolución histórica 2.3. O proceso de erosión interna da lingua galega
3. As categorías sociolingüísticas básicas e a súa aplicación ao galego	3.1. Monolingüismo e plurilingüismo 3.2. Bilingüismo e diglosia 3.3. A asimilación lingüística



4. A situación actual da lingua galega	4.1. O galego, lingua ameazada 4.2. Distribución sociodemográfica e sectorial da lingua galega 4.3. Principais mudanzas e tendencias
5. Os discursos sobre a lingua na Galiza	5.1. Actitudes e ideoloxías lingüísticas presentes na sociedade galega 5.2. Os preconceptos lingüísticos no mundo 5.3. Os preconceptos a respecto do galego
6. Perspectivas de futuro para a lingua galega	6.1. Lingua nacional /vs/ globalización. 6.2. Normalización /vs/ substitución. 7.3. A posición do galego no seu sistema lingüístico.

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Obradoiro	A1 A2 A9 A11 A14 A15 B1 B3 B6 B7 B9 C4 C6	16	32	48
Traballos tutelados	A1 A2 A9 A11 A14 A15 A19 A23 A25 A27 B1 B3 B6 B7 B8 B9 C4 C6 C7 C8	1	10	11
Presentación oral	A1 A9 A11 A14 A15 A25 B1 B3 B6 B7 B8	1	5	6
Lecturas	A2 A11 A14 A15 A19 A23 A25 A27 B1 B3 B6 B7 B8 B9 C4 C6 C8	1.5	22.5	24
Proba mixta	A1 A2 A9 A11 A14 A15 A19 A23 A25 A27 B1 B3 B6 B7	2	8	10
Sesión maxistral	A1 A11 A14 A15 A19 A23 A25 B1 B6 B7 B8 B9 C4 C6 C7 C8	20	30	50
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Obradoiro	Nestas sesións, o conxunto do alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistrais, ben como das destrezas e das estratexias relacionadas cos obxectivos e contidos da materia. Entre estas actividades contémplanse, alén doutras, a análise de fontes documentais, comentarios de textos, a resolución de problemas, as prácticas a través de TIC, probas de varia tipoloxía e estudos de casos.
Traballos tutelados	Cada estudiante deberá elaborar un trabalho dirixido polo profesor e elixido entre un abano temático presentado no inicio do curso. Con este trabalho, de que derivará unha presentación oral, preténdese fomentar a aprendizaxe autónoma e o manexo de fontes documentais de diverso tipo.
Presentación oral	Exposición oral, na aula, en que cada estudiante explicará a metodoloxía, desenvolvemento e resultados da pesquisa realizada no "Traballo Tutelado".
Lecturas	Cada estudiante deberá facer ao longo do curso unha serie de lecturas obligatorias que serán seleccionadas e, eventualmente, fornecidas polo profesor.



Proba mixta	Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico, de análise de fontes etc.
Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas na materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Presentación oral	Alén do labor de titorización realizado no horario de atendimento marcado polo profesorado responsable da materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente para o apoio á realización do "Traballo Tutelado". De maneira xeral, cada estudiante asistirá polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición do traballo.
Lecturas	
Sesión maxistral	
Obradoiro	
Traballos tutelados	
Proba mixta	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Presentación oral	A1 A9 A11 A14 A15 A25 B1 B3 B6 B7 B8	Cada estudiante deberá facer unha presentación oral do traballo tutelado. Serán valorados os resultados da pesquisa, o rigor expositivo, a calidade da lingua utilizada e os recursos e estratexias expositivas empregadas.	10
Lecturas	A2 A11 A14 A15 A19 A23 A25 A27 B1 B3 B6 B7 B8 B9 C4 C6 C8	Lectura reflexiva dos materiais bibliográficos indicados polo profesor.	15
Obradoiro	A1 A2 A9 A11 A14 A15 B1 B3 B6 B7 B9 C4 C6	Realización de actividades prácticas derivadas das sesións maxistrais (análise de textos, estudo de fontes documentais etc.).	15
Traballos tutelados	A1 A2 A9 A11 A14 A15 A19 A23 A25 A27 B1 B3 B6 B7 B8 B9 C4 C6 C7 C8	Valorarase fundamentalmente a profundidade e o rigor da pesquisa, a clareza expositiva e a calidade expresiva.	10
Proba mixta	A1 A2 A9 A11 A14 A15 A19 A23 A25 A27 B1 B3 B6 B7	Constitúe unha proba con elementos diversos, onde serán valoradas cuestións tales como os contidos, a clareza e rigor expositivo e a calidade lingüística das respostas.	50

Observacións avaliación



Para

superar a materia,

o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Igualmente, na proba mixta deberá obter como mínimo 4 puntos sobre 10, para poder sumar os restantes elementos avaliábeis/instrumentos de avaliación.

O

alumnado terá de entregar os traballos e actividades no prazo fixado. Ao mesmo tempo, todas as actividades ou probas deberán cumplir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación.

O alumnado con matrícula parcial e/ou dispensa académica deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante; se non puider asistir ás titorías, deberá pórse en contacto coa profesora a través do correo electrónico.

Na

segunda oportunidade, en xullo, o alumnado será avaliado cos mesmos criterios e coas mesmas porcentaxes que na oportunidade anterior. Terán tamén que realizar unha presentación oral de carácter similar á definida para o resto do alumnado e para a que se fixará día e hora no mes de xullo.

A cualificación de Non Presentado/a existirá cando a alumna ou o alumno non asistir, ao menos, ao 50% das sesións presenciais e non realizar, ao menos, o 50% das probas-actividades previstas.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Freitas Juvino, M. P. (2008). A represión lingüística en Galiza no século XX. Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galiza. Vigo. Xerais- Garcia Negro, M. P. (2000). O galego e as leis. Aproximación sociolingüística. Pontevedra. Edicións do Cumio- González González, M. (dir.) (2003). O galego segundo a mocidade. Unha achega ás actitudes e discursos sociais baseada en técnicas experimentais e cualitativas. A Coruña. Real Academia Galega- González González, M. (dir.) (2007). Mapa sociolingüístico de Galicia 2004. Vol. 1: Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia. A Coruña. Real Academia Galega- Garcia Negro, M. P. (ed.) (2009). Sobre o racismo lingüístico. Santiago de Compostela. Laiemento- González González, M. (dir.) (2008). Mapa sociolingüístico de Galicia 2004. Vol. 2: Usos lingüísticos en Galicia. A Coruña. Real Academia Galega- Ninoyles, R. L. (2005). Idioma e poder social. Santiago de Compostela. Laiemento- Núñez Singala, M. (2009). En galego, por que non? Contra os prejuízos e as simplificacións sobre a lingua galega. Vigo. Galaxia- Phillipson, R. (1992). Linguistic Imperialism. Oxford. Oxford University Press- Rei-Doval, G. (2007). A lingua galega na cidade no século XX. Unha aproximación sociolingüística. Vigo. Xerais- Freixeiro Mato, X. R. (2002). Lingua galega: normalidade e conflito. Santiago de Compostela, Laiemento- Rodríguez Fagim, V. (2001). O galego (im)possível. Radiografía de umha regeneración inconclusa. Santiago de Compostela. Laiemento- Sanmartín Rei, G. (coord.) (2010). Lingua e futuro. Santiago de Compostela. Laiemento- García Negro, María Pilar (2009). De fala a lingua: un proceso inacabado. Santiago de Compostela, Laiemento
Bibliografía complementaria	



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías